

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002220	CEIP Cabada Vázquez	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Esta PD está pensada para a área de Ciencias Sociais de 1º de Educación Primaria do CEIP Cabada Vázquez e ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 9 de decembro.

Con este documento preténdese mellorar a calidade do ensino do noso alumnado e ter unha referencia cara onde queremos camiñar, que dependerá, por suposto, das intencións das persoas implicadas (profesorado, alumnado, familias, comunidade educativa en xeral), dos recursos cos que contamos e das circunstancias para o seu desenvolvemento.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado.

CONTEXTUALIZACIÓN:

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado no rural.

O noso centro está situado nas aforas da parroquia de Codeseda, unha zona rural a 9 km da vila da Estrada, concello ao que pertence, na provincia de Pontevedra.

A contorna na que se atopa pode definirse como fundido no medio natural, pois arredor das nosas instalacións só hai montes cheos de árbores e campos de traballo. Pola parte dianteira e principal de entrada e saída, cruza unha estrada secundaria pola que acceden os autobuses que transportan o noso alumnado, un total de 78 rapaces e rapazas de Infantil e Primaria. Conta con 7 unidades e 9 niveis educativos, integrados en 6 aulas diferentes, obrigando, polo número reducido de alumnos/as, a xuntar niveis nalgúns casos.

Consideramos moi positivo o enclave no que se atopa, xa que permítenos facer da nosa escola, unha escola viva, aberta ao entorno local e permanentemente interrelacionada co seu territorio físico (social, natural e cultural), sociocultural (a escola, a familia, o local, o concello), pero tamén é do noso interese, irnos introducindo no territorio máis alonxado, no global, a través das tecnoloxías dixitais.

As instalacións coas que contamos son bastante antigas, aínda que cambiáronse os teitos e os ventanais, esperando así que mellore o ambiente de traballo.

Contamos cun patio de recreo moi amplo que desde hai uns cursos está comezando un proceso de cambio para poder mellorar a súa calidade como espazo lúdico, pedagóxico e promotor da saúde no noso alumnado. Tamén contamos cun horto escolar que continúa o seu labor desde hai moitos cursos.

Temos a sorte de dispoñer dunha cociña e dun comedor de xestión directa, dos que fan uso todo o alumnado.

Adecuouse o patio cuberto como aula de usos múltiples, onde podemos realizar diariamente as actividades de psicomotricidade,

Tamén se realizaron melloras na biblioteca escolar e creouse un espazo propio para a radio escolar e outro para levar a cabo actividades de cociña. Todas estas accións foron encamiñadas a facilitar os cambios metodolóxicos que estamos levando adiante.

Este ano académico o alumnado de 1º EP non comparte aula co alumnado de 2º, e cabe dicir que conta cunha aula ampla, que permitiu crear nela distintos espazos de traballo.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O grupo de 1º de educación primaria está formado por un total de 9 alumnas/os, das cales 5 son nenas e 4 nenos. Este alumnado cursou neste mesmo centro a Educación Infantil, salvo un neno deste grupo que vén doutro centro.

Como sucede na sociedade, está aula tamén é heteroxénea e diversa, con distintos ritmos de aprendizaxe, mais non presentan grandes dificultades nun primeiro momento. Mais están nunha fase clave de inicio á lectoescritura, entre outros retos e cambios que se lle presentan nesta nova etapa. Polo que todos estes aspectos serán tidos en conta á hora de desenvolver a metodoloxía e o ritmo da aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A MIÑA CONTORNA	Nesta Unidade Didáctica co alumnado traballarase sobre a familia, as partes da casa, a organización das localidades, os planos, manifestacións culturais, o patrimonio e museos.	40	26	X		
2	A PAISAXE	Nesta Unidade Didáctica o alumnado traballará sobre a paisaxe, os seus elementos naturais e humanos. O coidado da natureza e os ecosistemas.	30	22		X	
3	VIAXA COMIGO!	Nesta Unidade Didáctica aprenderán sobre os medios de transporte e a educación viaria.	30	22			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A MIÑA CONTORNA	26

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	CA1.1 - Utilizar, con axuda, dispositivos e recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	CA3.2 - Recoller información sobre as profesións, mostrando respecto a outras persoas.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	CA3.4 - Identificar algunhas das funcións que se realizan na escola.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia na escola.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.
- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.
- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	A PAISAXE	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	CA1.1 - Utilizar, con axuda, dispositivos e recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do espazo.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do espazo por medio da observación, a manipulación e a experimentación.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	CA2.3 - Valorar a importancia do respecto, os coidados etc do planeta.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto cara o planeta, recoñecéndoo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
3	VIAXA COMIGO!	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	CA1.1 - Utilizar, con axuda, dispositivos e recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	CA1.3 - Buscar información de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados rexistrando as observacións de forma clara.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	CA3.4 - Identificar institucións próximas, valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Neste curso pretendemos conseguir un desenvolvemento integral e global do alumnado, tendo sempre como referencia as competencias clave. Para logralo, levaremos a cabo unha organización espazo - temporal, onde eliminaremos as barreiras que existen entre as materias co fin de darlle un enfoque globalizado ao proceso de ensinanza aprendizaxe.

Neste sentido levaremos a cabo sesións diarias para o traballo por proxectos, nas que o alumnado se distribuirá en grupos para traballar nos cinco recantos que hai na aula (recanto das ciencias, recanto das palabras, recanto dos números, recanto das artes e recanto do xogo). Nestes recantos utilizaremos a temática de ciencias da natureza e de ciencias sociais como fío conductor das actividades dos distintos recantos.

Entendemos que este tipo de aprendizaxe facilita a adquisición das competencias clave. Ademais, parten dos intereses do alumnado, axudan a socializar, son integradores e motivadores e posibilitan un ensino globalizado e unha aprendizaxe significativa.

Por outra banda, durante as sesións semanais, onde se traballa o proxecto curricular específico, como a competencia lingüística: a ortografía, a gramática, o vocabulario, ... tamén se introducirá vocabulario e aspectos relacionados coas ciencias. E co fin de darlle ese carácter interdisciplinar e globalizado tamén nos coordinaremos coas distintas

especialidades (Música, Inglés, Educación Física, etc) para traballar, en ocasións, os proxectos que estean sendo desenvolvidos.

Desenvolveremos tamén o proxecto lector (sesión diaria de 30 minutos) con contos e libros de interese para o alumnado, levando a cabo a lectura diaria de múltiples formas, con diferentes xéneros, documentos, con diferentes dinámicas e en distintos espazos.

De maneira que a ESTRUCTURA DA ORGANIZACIÓN METODOLÓXICA ESPAZO-TEMPORAL, que posibilita ese desenvolvemento global do alumnado é a seguinte:

a) A hora de ler, que se desenvolverá como xa se especificou.

Faladoiro diario que lles dará a oportunidade de desenvolver a expresión oral, e no que traballaremos diferentes temáticas: fin de semana, desenvolveremos a filosofía para nenos (espírito crítico e aprender a pensar), coñecemento mutuo, interpretacións artísticas e exposicións orais. Así como tamén partindo das lecturas do proxecto lector.

específico.

d) Recreo: que se procurará desenvolver no patio.

e) Proxectos de traballo, tarefas integradas, unidades multidisciplinares ou unidades temáticas específicas, onde o eixe son as ciencias.

CARACTERÍSTICAS METODOLÓXICAS IMPORTANTES

- Nas sesións onde se desenvolven os proxectos haberá mestura de idades (1º EP e 2º EP), recuperando de novo a idea de ciclo, posibilitando a interacción e o desempeño de diferentes roles.

- Integración das TIC, que permita ao alumnado contar cos recursos tecnolóxicos e aplicacións informáticas para desenvolver os proxectos e os plans de traballo.

- Uso da biblioteca, utilizaremos recursos da biblioteca como fonte básica para o desenvolvemento dos proxectos, lecturas diarias etc.

- Plans de traballo, para realizar as actividades propostas en cada un dos recantos, que axudan ao alumnado a planificar e desenvolver as tarefas.

- Traballo en equipo do profesorado, maior coordinación entre todo o profesorado, imprescindible para deseñar e xestionar os programas e proxectos didácticos.

- Maior implicación das familias, facéndoos partícipes do traballo a desenvolver polo alumnado e establecendo canles de comunicación máis fluídas co profesorado e co centro.

- Aumento dos apoios educativos por parte dos mestres implicados para poder atender mellor as necesidades do alumnado.

En definitiva, a metodoloxía empregada busca os seguintes OBXECTIVOS:

- Desenvolver a capacidade constante de aprender.

- Ofrecer a todo o alumnado a oportunidade e a axuda necesaria para ter éxito no proceso de aprendizaxe

- Aumentar a motivación e o interese do alumnado.

- A atención da diversidade do alumnado dende unha perspectiva inclusiva.

E en canto ás FUNCIONS DO PROFESORADO e á súa forma de INTERVENCIÓN:

- Dar confianza e seguridade.

- O profesorado coñecerá a cada alumno/a e depositará confianza nel ou nela.

Fará ver a todo o alumnado todas as posibilidades que teñen e intentará facerlles sentir que son capaces de aprender con éxito.

- Axudar no proceso

- O profesorado, tendo en conta o que cada alumno/a sabe e ten que aprender, estimularao e axudarao durante todoo proceso.

- Impulsar a aprendizaxe autónoma

- O profesorado por medio da súa intervención axudará ao alumnado a pensar, a facerse preguntas e atopar solucións.

É importante salientar que esta programación didáctica pode ser modificada no transcurso do curso académico xa que é importante partir do centro de interese do alumnado ou das súas necesidades, e estar abertas a calquera situación que poida acontecer no transcurso dos trimmestres, polo que a flexibilidade será un dos principios desta programación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Recursos tecnolóxicos e dixitais (tableta, ordenador, canón, encerado dixital, Beebot, Mblock, impresora 3D ...).
- Material de refugallo: botellas, caixas, envases etc
- Recursos elaborados polo profesorado (creabazabezas, xogos manipulativos, xogos de mesa etc)
- Fichas de traballo ou de rexistro de datos
- Material funxible: carpetas, lapis, lapis de cores, rotuladores, gomas, cartolinas, papel continuo, papel pinocho, papel charol, papel de seda, adhesivos, folios, ceras, pinturas, plastilina...
- Recursos da aula virtual: xogos, cancións, videos, etc
- Contos da biblioteca de aula ou de centro
- Elementos da contorna natural

Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario. E este material, salvo os cadernos ou carpetas, serán compartidos e postos en común para todo o alumnado.

E, sen esquecer, materiais ou recursos que ofrece o medio escolar e o contorna socio natural no que vive este alumnado: persoas, institucións, paraxes naturais, ...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso, sobre todo durante os meses de setembro e outubro, levarase a cabo unha avaliación inicial, tanto grupal como individual, que nos diagnosticará a situación de partida así como a detección de posibles problemas en cada un dos alumnos/as. Esta avaliación realizarase a partir dos informes de escolarización anterior, de pequenas probas individuais grupais e da observación durante as primeiras semanas. Todos estes instrumentos de avaliación teñen a finalidade de obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación inicial será o punto de partida para a toma de decisións para o desenvolvemento do currículo nas programacións de aula e adoptar as medidas de reforzo e apoio que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para a avaliación do alumnado teremos en conta as táboas especificadas anteriormente.

OS PESOS POR TRIMESTRE tendo en conta as unidades didácticas e os pesos das unidades na cualificación final serán:

- 1º trimestre: UNIDADE 1: 40%
- 2º trimestre UNIDADE 2: 30%
- 3º trimestre UNIDADE 3: 30%

Criterios de recuperación:

Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

En primeiro lugar queremos que os nenos e nenas sexan os protagonistas da educación e da escola e pensamos que están por encima, incluso, de todo o que supón este documento. E por suposto, para o seu desenvolvemento e a súa aprendizaxe, queremos favorecer o seu benestar, o xogo libre e momentos de desfrute, pero sen esquecer das aprendizaxes individuais e colectivas.

Os nenos e nenas son moi diversos, como xa se indicou, e, nesta diversidade, queremos favorecer unha educación personalizada e inclusiva, que teña en conta esas diferenzas individuais, os seus distintos ritmos de aprendizaxe, as competencias clave e as intelixencias múltiples, os intereses de cada neno ou nena e os seus estilos de aprendizaxe. E que cada alumno/a poida ir desenvolvendo as súas habilidades e capacidades respectando o seu propio ritmo de aprendizaxe. Consiste en facilitar aprendizaxes que se sitúen na zona de desenvolvemento próximo para permitir que os nenos e nenas poidan continuar con progresión o seu crecemento global.

Terase en conta:

- Ás familias, mantendo relación e entrevistas constantes, porque a educación dun neno depende de toda a comunidade. Coñecer mellor ao neno/a e facer aportacións positivas, chegar a compromisos e acordos, seguir unha mesma metodoloxía.
- A riqueza enorme de recursos e posibilidades de interacción co medio rural que nos permite a contorna, que ofrece a cada neno/a a posibilidade de interactuar con el, visualizar mellor e interiorizar así as súas aprendizaxes.
- Os distintos estilos de aprendizaxe á hora de interactuar na aula e planificar as actividades. Cada neno/a ten desenvolvidas unhas ou outras intelixencias (capacidade lingüística, lóxico-matemática, representación espacial, pensamento musical, uso do corpo para resolver problemas e facer cousas, comprensión dos demais individuos, comprensión de si mesmo, interacción co entorno natural). Ao mesmo tempo, se o facemos deste xeito, estamos

favorecendo a integración e a inclusión de todos e cada un dos membros do grupo, potenciando as súas calidades.

- O cambio metodolóxico onde o traballo por proxectos aporta un inmenso campo de posibilidades: valorar as intelixencias individuais e explotar esas calidades, educar na empatía, como medio para unha educación inclusiva, onde ningún membro sexa rexeitado.

- **MEDIDAS DE AMPLIACIÓN PARA NENOS E NENAS QUE REMATAN ANTES AS ACTIVIDADES INDIVIDUAIS**

- Facer uso dos recursos materiais que hai nos distintos recantos da aula.
- Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos.
- Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses co resto do grupo
- Na aula dispoñemos de dous ordenadores e tabletas, para ampliar e/ou reforzar contidos mediante xogos de todas as materias, usando en todo momento Software libre; tamén se pode aproveitar este tempo para búsqueda de información de xeito guiado, cando así se requira (se necesitamos a información para algún taller, centro de interese, transversal..).

- **ALUMNADO CON RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTA**

- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes e motivadoras, integradas nas actividades que se realizan co resto do grupo.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, xa que o éxito ten un factor motivador para a aprendizaxe.
- Adaptar as actividades ao seu nivel.
- Utilizar espazos que nos permitan realizar un itinerario personalizado e variado para proporcionar axuda continuamente.
- Axuda entre o alumnado.

- **UTILIZAR ESTRATEXIAS PARA CONTROLAR E MELLORAR A CONDUCTA:**

Amosando unha actitude flexible e paciente.
 Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
 Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
 Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
 Permitir momentos de descanso, como levantarse, repartir cadernos, facer uso de recantos como o de arte ou o de ler.
 Utilizar puntos para conseguir incentivos.
 Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
 Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización
 Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas
 Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
 Facer un seguimento do seu traballo.
 Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
 Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
 Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión oral	X	X	X
ET.2 - Comprensión escrita	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre homes e mulleres	X		

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Educación para o consumo responsable		X	X
ET.5 - Educación emocional	X	X	X
ET.6 - Educación para a convivencia	X	X	X
ET.7 - Educación ambiental		X	
ET.8 - Educación viaria			X
ET.9 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X

Observacións:

O feito de traballar por proxectos permítenos tratar todos elementos dunha maneira transversal.

E sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaránse en todas as áreas. En todas elas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de Dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas actividades de centro	obradoiros, conmemoracións, etc	X	X	X
Visitas culturais	virtuais ou presenciais	X	X	X

Observacións:

Seguirase o especificado para o curso na PXA, sempre en función da dispoñibilidade de tempo, priorizando o desenvolvemento curricular da aula, a creatividade do alumnado e sempre que non se sobrecargue o tempo escolar nin extraescolar do docente nin o dos discentes.

Levaranse a cabo as que están previstas na Programación xeral Anual, (P.X.A.), así como as saídas ao exterior da aula e ao contorno máis próximo: patio, leiras colindantes, camiño...e todas aquelas que, puntualmente se oferten ao longo do curso polo concello, ANPA, ou calquera outra entidade pública ou privada, e que poida ter interese no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As actividades que se desenvolven na aula axustáronse ás necesidades de formación do alumnado e ao establecido no currículo (Escala do 0 ao 4)
Metodoloxía empregada
Aplicación da metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, etc (Escala do 0 ao 4)
A programación facilitou o desenvolvemento das competencias clave no alumnado. (Escala de 0 a 4)
Os proxectos desenvolvidos permitiron traballar os contidos atendendo á realidade cotiá do alumnado (Escala do 0 ao 4)
A metodoloxía que se aplica favoreceu o desenvolvemento integral do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade (Escala de 0 a 4)
A programación atende á diversidade da aula e todas as necesidades que o alumnado posúe. (Escala do 0 ao 4)

Descrición:

Avaliaremos trimestralmente en relación aos indicadores de logro fixados. No caso de non acadar o indicador de logro proposto, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadalas na seguinte avaliación parcial ou, se estamos na última avaliación, para incluír na programación do vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

Por iso, consideraremos o seguinte:

- Antes de iniciar o curso adaptando a programación ás características do alumnado.
- Durante o curso a través dun procedemento de avaliación semanal por parte dos titores e especialistas en xuntanzas de seguimentos dos proxectos didácticos que nas programacións se integran.
- Ao remate do curso a través dun proceso de reflexión individual e colectivo que integre sempre a evolución do

rendemento académico do alumnado e a súa evolución ao longo do curso.

9. Outros apartados